



Suxestión ao Concello de Ourense sobre bonificacións a familias numerosas.

Expediente: L.4.Q/4772/20

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito referente a bonificación no imposto de bens inmobles e na taxa da auga.

#### ANTECEDENTES

Nesa queixa o demandante, esencialmente indicaba que non lle foi recoñecido o beneficio fiscal rogado para o IBI e a taxa de auga. pese a seren familia numerosa.

Ante iso requirimos, información a ese Concello de Ourense, que xa nola remitiu. No informe achegado sinálase o seguinte:

“... A solicitude do interesado foi obxecto de resolución do Xefe do Órgano de Xestión Tributaria de 7 de agosto de 2019, notificada ao interesado o 14 de agosto de 2019. Nesta resolución denegouse ao solicitante o beneficio fiscal solicitado de forma motivada, sen que o solicitante interpuxese en tempo e forma ningún dos recursos legalmente procedentes (recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa para ante o Tribunal Económico Administrativo Municipal) polo que o acto de denegación é firme e consentido ao día da data. Achégase copia da notificación da dita resolución ao interesado.

Por conseguinte, o asunto obxecto da queixa é un asunto xa resolto de forma definitiva en vía administrativa, sen que proceda ningunha outra actuación do Concello a este respecto, e sen prexuízo de que o interesado poida exercer as accións legais que considere oportunas.”

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- Tanto o imposto de bens inmobles coma o da taxa da auga son tributos directos de titularidade municipal tal como prevé a Lei de Facendas Locais. Para os mesmos o Concello de Ourense aprobou as correspondentes Ordenanzas, nas que se contemplan bonificacións para as familias numerosas, establecendo en ámbolos dous casos como requisito, que todos os membros da unidade familiar incluídos no título de familia numerosa se atopen empadroados na vivenda, que ademais ha de ser a residencia habitual da familia.

SEGUNDA.- No caso que nos ocupa, tras a solicitude efectuada polo demandante, a resposta do Concello de Ourense está conforme con a aplicación da citada regulamentación, esixindo ao suxeito pasivo solicitante da bonificación a acreditación de que o inmueble se trata da súa vivenda habitual e que todas as persoas incluídas no título de familia numerosa están empadroadas na devandita vivenda.

TERCEIRA.- Unha das posibles vantaxes sociais derivadas da obtención do título de familia numerosa vén referida á previsión contida na Lei de Facendas Locais respecto as bonificacións ás familias numerosas da cota para aboar no imposto de bens inmobles e nas taxas da auga, deixando en mans das correspondentes ordenanzas municipais a concreción do alcance e requisitos da bonificación.

CUARTA.- Na regulación do título de familia numerosa, posibilitase a inclusión no mesmo non só aos fillos que residan co solicitante, senón tamén aos fillos sobre os que se tivesen obrigacións económicas a pesar de residir en distinto núcleo familiar e que non estivesen xa incluídos noutro título de familia numerosa.

Este é o suposto do demandante da presente queixa; trátase dunha parella con fillos propios, aos que engaden as obrigacións que el ten respecto dos fillos froito dunha relación anterior, a pesar de que algún non resida con el senón coa nai. Nesta situación obtiveron o título de familia numerosa.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello a seguinte **suxestión**:

**“Dentro dos límites da autonomía municipal, que se valore a posibilidade de modificar as ordenanzas reguladoras do imposto de bens inmobles, e da taxa da auga, para que os requisitos exixidos para gozar da bonificación de ditos impostos no caso de familias numerosas, se aproximen os establecidos para a obtención de dito título e así permitan gozar da bonificación do imposto a aquelas familias numerosas nas que a maior parte das persoas incluídas no título, residan habitualmente na vivenda sobre a que se solicita a bonificación.”**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)